

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSITÉ SORBONNE NOUVELLE - PARIS 3 PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS**

Santiago de Compostela, **16 FEB. 2026**

**REUNIDOS:**

⑩ José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG num. 73 do 14 de abril) e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

⑩ A Universidade Sorbonne Nouvelle, representada polo seu presidente Daniel Mouchard-Zay, cuxa sede central está situada no 17 avenue de la Sorbonne, 75005 París.

**MANIFESTAN:**

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, consellería), promove o ensino da lingua, literatura e cultura galegas, como rasgo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura do presente convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

2. A Université Sorbonne Nouvelle (en adiante, universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, no que é o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.

3. A universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1994, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

### **ACORDOS:**

#### **Primeiro. Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Université Sorbonne Nouvelle para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas non só no ámbito académico da universidade senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrencia pública, xa que a Université Sorbonne Nouvelle é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e ademais a sinatura do convenio dentro do vixente “Plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega”, elaborado pola devandita secretaria xeral para o ano 2025.

#### **Segundo. Compromisos da Universidade**

A) Darlle continuidade aos estudos da lingua, literatura e cultura galegas nos plans de estudo do Departamento Etudes Ibériques et Latino-Américaines (Centre d’Etudes Galiciennes) e do Service d’enseignement des Langues.

Esta actividade docente traducirase en ofertar as seguintes materias, dirixidas a todo o estudiantado da Universidade:

**JYGAA11 / JZGAA11 Lingua e cultura galega I:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, primeiro e segundo cuatrimestre

**JYGAA21 / JZGAA21 Lingua e cultura galega II:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, primeiro e segundo cuatrimestre

**JYGAB11 / JZGAB11 Lingua e cultura galega III:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, primeiro e segundo cuadrimestre

O lector de galego tamén impartirá unha materia (nos anos impares) e dúas materias (nos anos pares) entre as seguintes materias propostas ao estudantado do novo minor **Linguas e culturas rexionais da península ibérica:**

- **I1RLA55 Historia das linguas rexionais da península ibérica:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, primeiro cuadrimestre
- **I1RLT55 Literatura das linguas rexionais ibéricas:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, primeiro cuadrimestre
- **I2RHT55 Historia das culturas rexionais da península ibérica:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, segundo cuadrimestre
- **I2RAR55 Artes visuais das culturas rexionais ibéricas:** 3 créditos ECTS, 2 horas por semana, segundo cuadrimestre

A univesidade poderá cambiar esta oferta educativa por eventual modificación do plano de estudos imposta polo Ministère de l'Enseignement Supérieur, de la Recherche et la l'Innovation.

**B)** Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, literatura e cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Estas actividades serán avaliadas no marco da materia **I4ARC91 / I6ARC91 Acción investigación-cultura** do novo minor.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empregue para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos neste convenio. Neste último caso, a universidade deberá remitir á Consellería, a través da Secretaría Xeral dea Lingua (SXL), unha decena de exemplares.

Nas universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, as/os lectoras/es poderán desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

**C)** Manter, durante a vixencia deste convenio, a contratación, integración no seu cadro de persoal e retribución dun lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas coa suficiente acreditación académica.

D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A e B deste acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio. Para a elaboración de dita memoria contará cos datos que lle sexan subministrados polo lector ou pola lectora.

E) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente, en España, das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á citada consulta.

### **Terceiro. Compromisos da Consellería**

A Consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

Prestaralle a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A do acordo anterior.

A) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B do acordo 2.

B) Con base nos principios xerais que rexen as relacións entre as administracións públicas, consagrados nos artigos 3.1 e 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, prestaralle, se así o demanda a universidade, a súa cooperación e colaboración na xestión administrativa da convocatoria que teña por obxecto a selección do lector ou lectora referido a alínea C) do acordo segundo, habida conta de que os centros de ensino de nivel superior onde se imparten as titulacións conducentes a conseguir a suficiente acreditación académica para obter á praza de lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas atópanse en Galicia.

Esta colaboración consistirá en publicar no Diario Oficial de Galicia as bases da convocatoria, ás que tamén se lles dará a adecuada difusión pública polos medios que se estimen pertinentes, e no apoio administrativo e asesoramento técnico solicitado.

En calquera caso, a adxudicación da praza de lector ou lectora será competencia exclusiva da universidade, limitándose a consellería a colaborar na difusión pública da dita adxudicación.

O lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas adxudicatario non poderá ostentar esta condición máis de 3 anos.

c) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

#### **Cuarto. Financiamento**

A consellería, a través da SXL, colaborará na realización das accións previstas nos acordos deste convenio cunha achega económica máxima de **cento once mil euros (111.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **13.02.151A.790.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- **2026: un máximo de trinta e sete mil euros (37.000,00 €)**
- **2027: un máximo de trinta e sete mil euros (37.000,00 €)**
- **2028: un máximo de trinta e sete mil euros (37.000,00 €)**

A universidade, para a xustificación da subvención, poderá acreditar, respecto de cada anualidade, ata un máximo do 90% con retribucións ao lector/a, cargas sociais incluídas, e o 10% restante cos gastos que se deriven da aplicación dos acordos deste convenio.

O libramento destes importes a favor da universidade poderase realizar nunha soa entrega en cada anualidade, logo de que se presente a documentación requirida para efectuar os pagos anuais e final, ou ben a través do seguinte procedemento:

-Un anticipo, equivalente ao 50% da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Que o convenio estea asinado e en vigor.
- Que a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á consellería, a través da SXL, unha programación, que conte coa conformidade desta, coas actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada pola persoa responsable e polo/a lector/a.

Os pagos anticipados das anualidades dos anos 2027 e 2028 soamente poderán ter lugar logo da completa xustificación das anualidades precedentes por parte da entidade beneficiaria.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65º.5 do Decreto 11/2009, a Universidade queda exonerada da constitución de garantía para os efectos dos anticipos e dos pagos a conta.



-Un pagamento a conta, polo restante 50%, unha vez que a universidade lle remita á Consellería, a través da SXL, antes do 20 de decembro dos anos 2026 e 2027, a seguinte documentación: :

- A conta xustificativa a que se refire o cordo quinto.
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

-Un pago final correspondente ao ano 2028 na que a presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de decembro.

Este convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, posto que existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2026.

Así mesmo, estará sometido ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 no momento da resolución da concesión.

### **Quinto. Xustificación da subvención**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente, na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Antes do remate de cada unha das anualidades dos anos 2026, 2027 e 2028, coa data límite de 20 de decembro a persoa responsable dos estudos de galego, ou persoa autorizada, remitiralle á consellería, a través da SXL, a conta xustificativa, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio, que abranguerá o período correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso. E os datos deberán aparecer desagregados por sexo e incluír indicadores por razón de xénero.
- Unha certificación, expedida pola persoa responsable académica dos Estudos galegos ou pola persoa titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento

da subvención anual na realización das devanditas accións e o pagamento efectivo destes investimentos. Esta certificación, de non estar redactada en galego ou castelán, deberá vir acompañada dunha tradución a unha destas dúas linguas, preferentemente á galega.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe anual da subvención prevista neste convenio.
- Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o acordo décimo segundo.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos na que identifique o acredor e se recolla o documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e a de pagamento.

Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos, etc.) e dos pagamentos.

Se por calquera circunstancia a universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixirase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención contemplada no convenio, a consellería, a través da SXL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

### **Sexto. Centro de Estudos Galegos**

Dentro da universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsables do mesmo figurará a profesora Carmen Ballesteros de Celis quen, dada a súa vinculación coa universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a consellería, a través da SXL.

Estas persoas responsabilizaranse de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velarán polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberán poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se por calquera causa fose preciso substituír á persoa responsable académico dos Estudos galegos, o/a Director/a do Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Sorbonne Nouvelle proporalle á consellería, a través da SXL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, e esta comunicará a conformidade ou non co devandito nomeamento.

## **Sétimo. Control**

Os servizos técnicos da consellería, a través da SXL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a axeitada xustificación desta. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A consellería, a través da SXL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a universidade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do convenio.

## **Oitavo. Vixencia**

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de decembro de 2028. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de xaneiro de 2026 e non é posible a súa prórroga.

## **Noveno. Causas de resolución e modificación**

### **9.1 Causas de resolución**

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto de mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a consellería, a través da SXL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

## **9.2 Causas de modificación:**

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade e financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución."

### **Décimo. Exoneración de responsabilidade**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo primeiro. Solución de controversias**

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da consellería, nomeados pola persoa titular, un dos cales actuará como presidente/a, e dous membros da universidade, nomeados polo/a presidente/a. En caso de desacordo persistente, será a xurisdición contencioso-administrativa española quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

### **Décimo segundo. Compatibilidade da subvención**

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Con todo, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvencións percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

O importe da subvención non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

### **Décimo terceiro. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio supoñerá o consentimento expreso por parte da universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A universidade deberá cumprir cos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ao asinaren este convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e máis o resto das especificacións que nel se recollen poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Décimo cuarto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos, da Lei nº 78-17, do 16 de xaneiro de 1978 relativa á informática, os ficheiros e as liberdades e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Son designados como persoas referentes en materia de protección de datos:

-Da parte da Universidade:

A Dèlèguée à la protection des données (DPD), 17 rue de la Sorbonne, 75005, Paris.  
Campus Nation-8 avenue de Saint-Mandé, 75012, Paris

dpd@sorbonne-nouvelle.fr

-Da parte da Xunta de Galicia:

Xunta de Galicia.Consellería de Cultura,Lingua e Xuventude

<https://www.xunta.gal./información-xeral-proteccion-datos>

### **Décimo quinto. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei].

### **Décimo sexto. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIE que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo sétimo. Réxime xurídico aplicable**

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto



lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

En Francia, as partes están obrigadas a respectar as leis e regulamentos vixentes, en particular no relativo ao dereito da función pública e aos dereitos e obrigacións dos funcionarios e empregados públicos.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo, asinan catro exemplares do presente convenio, dous en idioma galego e dous en idioma francés, todos eles con idéntica validez, no lugar e data recollidos ao comezo.

**O conselleiro de Cultura,  
Lingua e Xuventude**



CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE

**O CONSELLEIRO**

**José Carlos López Campos**

**O presidente da Université  
Sorbonne Nouvelle - Paris 3**

**Daniel Mouchard-Zay**

